

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Crecente para a execución do proxecto denominado Mellora de canalización e drenaxe nos lugares de Fernández e Balboa

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten previsto asinar co Concello de Crecente un convenio para a execución do proxecto denominado Mellora de canalización e drenaxe nos lugares de Fernández e Balboa.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 30 de decembro de 2020 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).



Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

### 3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Crecente o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2021.

### 4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Crecente para a execución do proxecto denominado Mellora de canalización e drenaxe nos lugares de Fernández e Balboa.

### 5. Fundamentos do convenio

O Concello de Crecente manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para acometer o proxecto denominado Mellora de canalización e drenaxe en Fernández e Balboa que ten como obxecto mellora de drenaxe de dous viais de titularidade municipal que se atopan nun estado deficiente provocando graves afeccións na rede de abastecemento municipal e a degradación do medio natural

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopan dous viais municipais, o que atravesa o núcleo de Fernández e o vial existente no núcleo de Balboa.

A rede de abastecemento soterrada baixo o vial existente no núcleo de Fernández sufriu no mes de setembro varias avarías que causaron cortes na subministración de auga potable aos veciños dos núcleos de Fernández, Serra, Valeixe e Cotiño. Asemade, estas avarías provocaron a aparición de fochancas e a ruptura parcial da capa de rodadura. Esta situación ocasiona que o tráfico que circula pola vía dane continuamente a rede de abastecemento polo que se precisa actuar de xeito inminente para poder evitar unha nova ruptura da canalización e a contaminación da auga potable ca que se abastecen os núcleos de poboación mencionados.

Por outra banda, as tormentas do mes de setembro ocasionaron desprendementos de terra sobre o vial de Balboa, moi próximo ao Río Ribadil e o seu entorno cualificado co Rede Natura, producíndose desbordamentos de auga que discorreron cara o noiro do vial que transportou a auga, terra e materiais soltos en grades cantidades, ás zonas de afección da canle do Río Ribadil e a zona protexida pola Rede Natura. Esta situación estase a repetir coas choivas do outono e provocando unha grave afección no medio polo arrastre de áridos cara este entorno protexido. A vista da situación descrita urxe actuar de xeito inmediato para evitar a contaminación do río e do entorno no que se atopa o vial de Balboa.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Crecente de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.



Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Crecente.

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de DEZ MIL SEISCENTOS EUROS (10.600,00 €) **con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 10.600,00 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigos 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(*documento asinado electronicamente*)

